

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C4-B-II-23

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte artigo sobre a enerxía eólica. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Canta enerxía eólica máis necesita Galicia?



Superado o parón renovábel decretado polo Goberno estatal, que interrompeu a tendencia á redución das emisións galegas de gases causantes do quecemento global iniciada en 2005, estamos a asistir a unha avalancha de novos proxectos de parques eólicos en Galicia e noutras comunidades autónomas do Estado español (nalgúnhas delas tamén se están a promover grandes centrais fotovoltaicas).

No ano 2019 inauguráronse 18 parques eólicos, máis dos que entraron en servizo entre 2010 e 2018. En 2020 estaba previsto pór en marcha seis máis, co cal o noso país conta, ou contará en breve, cuns 4.000 MW (megawatts) de potencia eólica, repartida en 186 parques.

Ante esta nova vaga de construción de parques eólicos, hai quen se pregunta se na nosa terra son realmente necesarios tantos como os que se poderían poñer en marcha nos próximos anos se todos os proxectos que se están a tramitar saen adiante. Sobre todo tendo en conta o noso excedente eléctrico (baseado non só na produción renovábel, senón tamén na queima de combustíbeis fósiles).

O feito de se promoveren novos parques sen unha adecuada planificación pública, sen vencellos ao mantemento e desenvolvemento dunha industria eólica local, e baixo un modelo neoliberal, que concentra os beneficios económicos en empresas privadas maioritariamente foráneas e non respecta o territorio e as xentes que o habitan, non fai máis que alimentar as dúbidas verbo do interese para a maioría social dun incremento notábel da potencia eólica, por moito que tenda a abaratar a factura eléctrica.

A resposta á pregunta de cantos parques eólicos máis serían necesarios depende á súa vez das respostas a outras preguntas. Ao meu ver, as máis importantes serían, por un lado, canta electricidade precisamos producir e para que e, polo outro, a que ritmo, e en que medida, cómpre reducir as nosas emisións territoriais de dióxido de carbono (CO_2) e outros gases causantes da emerxencia climática global. Tendo presente que as nosas emisións por habitante de CO_2 e outros gases de efecto invernadoiro son altas, e se sitúan próximas á media da UE.

En primeiro lugar, cómpre sabermos canta electricidade se pode obter coa capacidade xa instalada. Para unha mesma potencia eólica, a produción eléctrica pode variar dun xeito significativo de ano a ano, dependendo de canto sopra o vento, polo que é preciso considerar períodos de varios anos. Entre 2015 e 2019, unha potencia eólica de 3.350-3.800 MW (megawatts) forneceu unha media anual duns 8.000 GWh (xigawatts hora).

Nos últimos anos, a xeración eólica na nosa terra equivaleu a un 40 % do consumo galego.

Se á eólica lle engadimos o resto da xeración renovábel (fundamentalmente hidroeléctrica), coa potencia renovábel actual xa estaríamos preto de cubrir o consumo eléctrico interno. Cando menos nun ano sen seca acusada (como 2017)... e sempre que non se desmantelen parte dos parques eólicos e dos encoros hidroeléctricos existentes. Accións que deberían facer parte, xunto con outras, dunha estratexia de restauración ecolóxica a grande escala do territorio (*rewilding*). Malia o que repiten as campañas de promoción turística, quédanos pouca natureza e precisamos «producir» máis para afrontar a emerxencia ecolóxica global, incluída a crise climática.

Como ademais de habermos un «paraíso natural», somos «unha potencia renovábel», estaríamos logo a un paso, ou dous, despois de abandonar de vez o carbón en 2021, de poder prescindir das centrais de ciclo combinado a gas natural das Pontes e Sabón e mais das centrais de coxeración de gas natural ou gasóleo asociadas a diversas industrias. Iso si, sempre que renunciásemos a exportar electricidade, e unha vez que o almacenamento e a xestión da demanda poidan solucionar o problema da intermitencia das renovábeis. A autosuficiencia renovábel estaría próxima. Ou iso parece.

Parece, mais non é así. Da mesma forma que o noso excedente eléctrico non é un excedente enerxético, a menos que se tome a parte polo todo, autosuficiencia eléctrica non equivale a autosuficiencia enerxética. Porque o consumo final de enerxía nos diferentes sectores (industria, fogares, transporte...) non só inclúe a electricidade, senón tamén os combustíbeis e a calor. Segundo o último balance enerxético, só o 26 % de toda a enerxía final que demanda Galicia é consumida como electricidade.

Se «deselectrificamos» a nosa ollada e consideramos todo o consumo enerxético (incluído o eléctrico), o peso das enerxías renovábeis cae dramaticamente. A achega das renovábeis equivale a máis do 80 % do consumo eléctrico (en anos sen seca), pero a pouco máis dun terzo de todo o consumo de enerxía final. E para que ese terzo poida medrar rapidamente até o 100 %, cómpre electrificar máis o consumo. Pensemos no transporte. Os derivados do petróleo usados para mover persoas e mercadorías representan nada menos que un terzo do consumo enerxético do país. Sen unha maior electrificación do transporte non será posíbel desfosilizalo e descarbonizalo.

Considerando todo o consumo enerxético, e non só o consumo eléctrico, a potencia eólica instalada no noso país pasa de cubrir un 40 % do consumo (eléctrico) interno a pouco máis dun 10 %. Simplemente para que a eólica cubrise de xeito aproximado unha cuarta parte do consumo de enerxía final, cumpriría, *grosso modo*, duplicar a potencia actual, isto é, instalar 4.000 MW máis. E se, ao mesmo tempo, se quixese substituír a potencia instalada en espazos da rede Natura 2000 actual, a eses 4.000 habería que engadir outros 1.250 MW.

A patronal eólica galega aspira a que se instalen 2.500 MW nos próximos cinco anos. Os máis de 80 parques eólicos que iniciaron a súa tramitación ambiental desde finais de 2019, a través da Consellaría de Medio Ambiente ou do Ministerio para a Transición Ecolóxica, deben superar amplamente unha potencia conxunta de 3.000 MW, dos cales unha parte, seguramente non pequena, debería considerarse inviábel para o medio natural. Suficiente para falar de «febre eólica»? Talvez si, pero, tratándose de enerxía, habería que falar tamén da «febre fósil» e da «febre consumista».

Xosé Veiras. Adaptado de *Praza Pública*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas. ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas: Faga un resumo do contido do texto. ■ Que ocorre cos parques eólicos en Galicia? ■ Cal é o peso das renovables no total enerxético da comunidade? ■ De que outras enerxías fala o artigo, ademais da eólica? ■ A potencia eólica en Galicia vai medrar ou estancarse, segundo o artigo?	

3. EXPOSICIÓN

3-4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha **exposición de 2-3 minutos**, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliado. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero **EN NINGÚN CASO** se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A. A enerxía eólica é limpa e renovable, pero ten un notable impacto paisaxístico e outros inconvenientes.
- B. Ante a emerxencia climática global, cómpre reducir como sexa as emisións de CO₂.
- C. Malia o que poida parecer, aínda nos falta para podermos prescindir das enerxías fósiles.
- D. O grande inconveniente da enerxía eólica en Galicia, e tamén doutros recursos, é que están en mans de empresas foráneas.

4. INTERACCIÓN
4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

A enerxía eólica é limpa e renovable, pero ten un notable impacto paisaxístico e outros inconvenientes

- Parécelle que os muíños eólicos afean a paisaxe? Por que?
- Pensa que o impacto na paisaxe é un “mal menor” fronte ao aforro en contaminación que supón a enerxía eólica? Ou considera que o impacto na paisaxe supera os beneficios ecolóxicos?
- Ademais do impacto na paisaxe, existe tamén unha repercusión ambiental, pois as aspas matan aves, morcegos e insectos. Que opina ao respecto?
- Un dos efectos desagradables é o ruído. Escoitou algunha vez o rumor das aspas? Cre que podería vivir nas proximidades?
- Cre que existe algunha alternativa á instalación de parques eólicos en espazos naturais?
- Noutros países de Europa como o Reino Unido, Dinamarca, Países Baixos... instálanse muíños de vento no mar. Gustaríalle que se fixese en Galicia? Por que?
- Cre que os muíños eólicos no mar terían menor impacto que os instalados en terra? Por que?
- Que outras vantaxes e inconvenientes lle parecen salientables da enerxía eólica?

(Se é o caso)

- Existen diferenzas na implantación e impacto da enerxía eólica entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

Ante a emerxencia climática global, cómpre reducir como sexa as emisións de CO₂

- Cales considera que serían as consecuencias de non se reduciren as emisións de CO₂?
- Concorda coa expresión «emerxencia climática» ou parécelle que é unha esaxeración?
- Fai vostede, a título persoal, algo pola redución de CO₂ ou pensa que son a industria e as empresas as que teñen que liderar o proceso?
- Estaría disposto a asumir compromisos ou sacrificios individuais para colaborar na loita contra a emerxencia climática? Cales?
- Parécelle que os gobernos fan o suficiente na loita contra o cambio climático? Que fan o que poden? Que fan o que lles deixan? Por que?
- Considera que os fenómenos meteorolóxicos extremos derivan do cambio climático ou que o tempo é cambiante de seu?
- Cre que o proceso é xa irreversible ou que aínda estamos a tempo de controlalo?

(Se é o caso)

- Existen diferenzas no compromiso respecto da redución de CO₂ entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

Malia o que poida parecer, aínda nos falta para podermos prescindir das enerxías fósiles

- Sorprendeulle o lido no artigo, ou estaba ao tanto do relativamente escaso peso das renovables no noso país? Conte o que saiba ao respecto.
- Que opina da dependencia dos combustibles fósiles malia a existencia de tantas enerxías renovables (hidráulica, solar, mareomotriz, xeotérmica, biomasa...)?
- No artigo afirmase que «cómpre electrificar máis o consumo». Que entende vostede por iso? Como cre que se podería facer? Estaría de acordo?
- Que lle parecen os automóviles eléctricos? Preferiría un auto eléctrico sobre un de gasolina ou gasóleo? Ou un híbrido?
- Opina que unha masiva electrificación faría que subise o custo da electricidade ou non necesariamente? Explique a súa resposta.
- Pareceríalle xusto que, como Galicia é unha gran produtora de enerxía, tivese unha tarifa eléctrica máis barata? Por que?
- Unha maneira de reducir as emisións de enerxías fósiles é renunciar a algúns elementos de confort: auga quente, calefacción, aire acondicionado, neveira, lavadora... De cales destes podería prescindir e de cales non? Por que?

(Se é o caso)

- No seu lugar de orixe as enerxías renovables están máis presentes ou ausentes que en Galicia?

OPCIÓN D

O grande inconveniente da enerxía eólica en Galicia, e tamén doutros recursos, é que están en mans de empresas foráneas

- Que lle parece que empresas de fóra de Galicia exploten recursos na nosa comunidade?
- No caso de poder facelo, que requisitos lle esixiría a unha empresa que se establecese en Galicia para explotar os nosos recursos naturais?
- Pensa que eses requisitos poderían supoñer un freo á hora de que esas empresas se establezan en Galicia? Por que?
- Pareceríalle xusto que, como Galicia é unha gran produtora de enerxía, tivese unha tarifa eléctrica máis barata? Por que?
- O vento é de todos? Calquera pode explotalo? E o sol? Que pensa sobre iso?
- Que opina sobre o autoabastecemento enerxético? Cre que se podería prescindir das grandes eléctricas?

(Se é o caso)

- Existen diferenzas na maneira de xestionar a enerxía eólica entre Galicia e o seu lugar de orixe?

